



Boletín Informativo do Concello



Nº: 58 MAIO 2012

Avisos.

***Asociación Folclórica Santiaguíños de Boimorto**

A Asociación vai a celebrar os 25 anos da creación da asociación e tentamos reunir a todos os membros do grupo de baile e da directiva para conmemorar dita data. Despois dunha primeira reunión (celebrada o 3 de abril) decidiuse xuntarnos para concretar como celebrar o aniversario, dita reunión celebrárase na Casa da Cultura de Boimorto o vindeiro 12 de maio a iso das nove e media da noite.

Todos aqueles que formádes e formades parte desta gran familia e queirades participar podeades vir á reunión, ou, poñervos en contacto connosco a través do telefono de sempre **654 203 169**, ou ben, a través da conta de e-mail **santiaguinhosboimorto@gmail.com**

A data da festa xa está decidida, será o 10 de agosto en Boimorto. Toda a información ó respecto da festa colgarase na web da asociación **<http://santiaguinosdeboimorto.es>**, para que todo o mundo teña información de primeira man.

Feira Municipal.

***Concentración de coches clásicos de rally.**

Na próxima feira do Concello, 2 de xuño, contaremos cunha gran concentración de coches clásicos de rally. Máis de 100 coches farán unha ruta turística dende Lalín ata chegar a Boimorto onde se concentrarán no Campo do Rosario. Unha vez alí poderanse ver durante toda a mañá e tarde.

Contaremos con importantísimas escuderías coma son as de Melide, Lalín, Ourense, Arzúa.

Cultura.

***CINE PARA OS/AS NENOS/AS:** O Sábado 19 de maio a partir das 5 da tarde teremos unha nova sesión de cine para os máis cativos: Alvin y las Ardillas 3.

Deportes.

***FÚTBOL SALA:** Neste mes Boimorto terá os seguintes enfrontamentos: o sábado 5 ás 10:00 no polideportivo contra Frades (equipos benxamín e infantil), o sábado 12 en Melide (benxamín, infantil e feminino) e o sábado 26 contra Arzúa en Boimorto ás 10:00 horas no polideportivo (benxamín, infantil e feminino).

***BALNEARIO GUITIRIZ:** neste mes os días nos que se viaxará ó balneario son os mércores 9, 16 e 23. A saída do autobús é ás 14:30 dende o

Centro de maiores e a hora de regreso ó redor das 19:00. O uso do balneario é de 15:30 a 18:00. Os interesados poderán inscribirse no concello a partir do mércores día 2. O prezo é de 7 euros cada día.

***XIMNASIO EN BOIMORTO:** O luns 7 comeza o funcionamento do ximnasio que fica a carón de correos. Os interesados en usar este servizo deberán entrevistarse previamente co técnico deportivo, quen estará os luns e mércores de 18:00 a 20:00 horas e os venres de 18:00 a 19:00.

***CAMPAMENTOS DEPORTIVOS 2012 DEPUTACION DA CORUÑA**

Para rapaces con idades comprendidas entre os 9 e os 13 anos.

Outorgáronnos 3 prazas para a quenda do 8 ao 14 de xullo. O prezo será de 85 euros por rapaz/a e o prazo de inscrición remata o 1 de xuño.

Para inscribirse pasar polo concello.

Servizos Sociais.

*Está aberto o prazo de termalismo da Xunta ata o día 10 de maio inclusive.

Os requisitos de participación son:

- a. Ser maior de 65 anos, ou de 60 reunindo a condición de pensionista, na data en que remata o prazo de presentación de solicitudes.
- b. Residir na Comunidade Autónoma de Galicia
- c. Valerse por si mesmo para as actividades da vida diaria e atoparse en condicións de participar no Programa.

d. Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa, en fase activa, nin trastornos mentais condutuais non compensados, que poidan alterar a normal convivencia durante o transcurso da quenda.

e. Precisar os tratamentos balneoterápicos solicitados e carecer de contraindicación médica para a recepción dos mesmos.

f. Ter uns ingresos persoais mensuais, procedentes de pensións ou de calquera outro concepto, inferiores a 763,61 €.

g. Efectuar a oportuna inscrición e pagamento do prezo estipulado, no prazo e termos que se establecen nos apartados que se indican na resolución.

Os impresos de solicitude están á súa disposición nos Servizos Sociais do Concello sitos no Centro Social Municipal de maiores

***PODOLOXÍA E FISIOTERPIA.**

Dende o Concello informamos a todos aqueles que facían uso dos servizos de **Fisioterapia e Podoloxía no Centro de Maiores** que a partires deste mes de maio estes servizos cambian de ubicación e pasan ó Centro Residencial, polo que, para pedir cita deben falar directamente coa Residencia (981 51 62 10).

Os prezos das sesións son os mesmos e todo aquel que o tivese solicitado poderá asistir sen facer ningún trámite. O resto das persoas que cumpran os requisitos (maiores de 65 anos, ...) e queiran acudir pódono solicitar no Concello.